



ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL NEGREIRA

Decreto de alcaldía número 339/2024 de data 26 de setembro de 2024

ANUNCIO

Con data de 26 de setembro de 2024 ditouse o Decreto de Alcaldía número 339/2024, cuxo contido é o seguinte:

DECRETO DE ALCALDÍA

ASUNTO: MODIFICACIÓN DO DECRETO DE ALCALDÍA 206/2023 DE DATA 3 DE XULLO DE 2023 RELATIVO AO NOMEAMENTO DE MEMBROS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, TENENTES DE ALCALDE E DELEGACIÓNS DE COMPETENCIAS.

EXPEDIENTE: 2024/G003/000371.

D. Manuel Ángel Leis Míguez, Alcalde-Presidente do Concello de Negreira (A Coruña);

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Considerando, a autonomía local constitucionalmente recoñecida e garantida, recollida no artigo 137 da propia Carta Magna e, así mesmo, no artigo 2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (en diante, LRBRL);

Considerando, que a Xunta de Goberno Local é un órgano obrigatorio nos municipios de máis de 5.000 habitantes (artigo 20. 1 b) LRBRL), como é o Concello de Negreira;

Considerando, o previsto nos artigos 21.2 e 3 LRBRL que recoñecen, respectivamente, a facultade do Alcalde para nomear ós Tenentes de Alcalde así como para delegar o exercicio das súas competencias, en conxunto co artigo 46 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (en diante, ROF), regulador dos mesmos extremos;

Considerando, o disposto polo artigo 23.1, 3 e 4 LRBRL (e, no mesmo senso, o artigo 52.2 ROF), cuxo tenor literal a continuación se transcribe:

“1. A Xunta de Goberno Local intégrase polo Alcalde e un número de Concelleiros non superior ao terzo do número legal dos mesmos, nomeados e separados libremente por aquel, dando conta ao Pleno.

2. Corresponde á Xunta de Goberno Local:

a) A asistencia ao Alcalde no exercicio das súas atribucións.

b) As atribucións que o Alcalde ou outro órgano municipal lle delegue ou lle atribúan as leis.

3. Os Tenentes de Alcalde substitúen, pola orde do seu nomeamento e nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade, ao Alcalde, sendo libremente designados e removidos por este de entre os membros da Xunta de Goberno Local e, onde esta non exista, de entre os Concelleiros.

4. O Alcalde pode delegar o exercicio de determinadas atribucións nos membros da Xunta de Goberno Local e, onde esta non exista, nos Tenentes de Alcalde, sen prexuízo das delegacións especiais que, para labores específicos, poida realizar en favor de calquera dos Concelleiros, aínda que non pertencesen a aquela.”;

Considerando, o artigo 112 ROF, relativo ó réxime de funcionamento da Xunta de Goberno Local;

Considerando, os artigos 61.2, 62 e 65 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (en diante, LALG), en consonancia co anterior.

Considerando, os artigos 43 e seguintes do ROF, descritivos do réxime de delegacións que pode efectuar a Alcaldía;

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Nomear membro da Xunta de Goberno Local, substituindo a don Iván Guardado Porto (quen renunciou á súa condición de Concelleiro no Pleno celebrado a tal efecto con data de 14 de xuño de 2024), ao Concelleiro don Adolfo Manuel Barbosa Pérez.

SEGUNDO.- Nomear segundo tenente de alcalde a don Adolfo Manuel Barbosa Pérez en substitución de don Iván Guardado Porto.

TERCEIRO.- Proceder á modificación dos seguintes Concelleiros/as-delegados/as:

Concellería de Educación, Sanidade e Emprego que estaba a cargo de dona María del Mar García Vidal pasa a cargo de don Mario Barreiro Barreiro.

Concellería de Deportes, Novas Tecnoloxías e Participación Cidadá que estaba a cargo de don Iván Guardado Porto pasa a cargo de dona María del Mar García Vidal.

CUARTO.- Notificar a presente ós interesados e proceder á súa preceptiva publicación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

QUINTO.- Dar conta da presente ó Pleno da Corporación na próxima sesión ordinaria que celebre.

Negreira, na data da sinatura dixital;

Perante min,

O Alcalde,

D. Manuel Ángel Leis Míguez.

A Secretaria da Corporación,

D^a Míriam Naveira Dono.”

Negreira, 27 de setembro de 2024.

o alcalde

Manuel Ángel Leis Míguez

2024/6784



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

NEGREIRA

Constitución da Xunta de Goberno Local, nomeamento de tenentes de alcalde, delegación de competencias da Alcaldía na Xunta de Goberno Local, periodicidade das sesións da Xunta de Goberno Local e nomeamento de Concelleiros-delegados

ANUNCIO

Con data de 3 de xullo de 2023 ditouse o Decreto de Alcaldía número 206/2023, cuxo contido é o seguinte:

“Expediente núm.- 2023/G010/000007

DECRETO DE ALCALDÍA

NOMEAMENTO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, TENENTES DE ALCALDE E DELEGACIÓNS DE COMPETENCIAS

D. Manuel Ángel Leis Míguez, Alcalde-Presidente do Concello de Negreira (A Coruña);

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Considerando, a autonomía local constitucionalmente recoñecida e garantida, recollida no artigo 137 da propia Carta Magna e, así mesmo, no artigo 2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (en diante, LRBRL);

Considerando, que a Xunta de Goberno Local é un órgano obrigatorio nos municipios de máis de 5.000 habitantes (artigo 20. 1 b) LRBRL), como é o Concello de Negreira;

Considerando, o previsto nos artigos 21.2 e 3 LRBRL que recoñecen, respectivamente, a facultade do Alcalde para nomear ós Tenentes de Alcalde así como para delegar o exercicio das súas competencias, en conxunto co artigo 46 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (en diante, ROF), regulador dos mesmos extremos;

Considerando, o disposto polo artigo 23.1, 3 e 4 LRBRL (e, no mesmo senso, o artigo 52.2 ROF), cuxo tenor literal a continuación se transcribe:

“1. A Xunta de Goberno Local intégrase polo Alcalde e un número de Concelleiros non superior ao terzo do número legal dos mesmos, nomeados e separados libremente por aquel, dando conta ao Pleno.

2. Corresponde á Xunta de Goberno Local:

a) A asistencia ao Alcalde no exercicio das súas atribucións.

b) As atribucións que o Alcalde ou outro órgano municipal lle delegue ou lle atribúan as leis.

3. Os Tenentes de Alcalde substitúen, pola orde do seu nomeamento e nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade, ao Alcalde, sendo libremente designados e removidos por este de entre os membros da Xunta de Goberno Local e, onde esta non exista, de entre os Concelleiros.

4. O Alcalde pode delegar o exercicio de determinadas atribucións nos membros da Xunta de Goberno Local e, onde esta non exista, nos Tenentes de Alcalde, sen prexuízo das delegacións especiais que, para labores específicos, poida realizar en favor de calquera dos Concelleiros, aínda que non pertencesen a aquela.”;

Considerando, o artigo 112 ROF, relativo ó réxime de funcionamento da Xunta de Goberno Local;

Considerando, os artigos 61.2, 62 e 65 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (en diante, LALG), en consonancia co anterior.

Considerando, os artigos 43 e seguintes do ROF, descritivos do réxime de delegacións que pode efectuar a Alcaldía;

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Constituír a Xunta de Goberno Local e nomear como membros ós seguintes Concelleiros:

Teresa Duro Leis

Iván Guardado Porto

María del Mar García Vidal

Adolfo Manuel Barbosa Pérez

SEGUNDO.- Nomear tenentes de alcalde ós seguintes concelleiros pola orde que se sinala:

Teresa Duro Leis

Iván Guardado Porto

María del Mar García Vidal

Adolfo Manuel Barbosa Pérez

TERCEIRO.- Delegar na Xunta de Goberno Local o exercicio das seguintes competencias da Alcaldía:

Tódalas atribucións en materia de contratación de obras, servizos e subministrados que sexan competencia da Alcaldía do Concello.

O outorgamento de licenzas de apertura de establecementos fabrís, industriais, comerciais e de calquera índole, as licenzas urbanísticas e tódalas demais atribucións en materia urbanística que sexan competencia de Alcaldía do Concello.

A autorización, disposición e recoñecemento de gastos.

A resolución dos recursos de reposición contra os actos administrativos ditados pola Xunta de Goberno Local nos asuntos incluídos nos apartados anteriores a), b) e c).

CUARTO.- A Xunta de Goberno Local celebrará sesión ordinaria cunha periodicidade quincenal, cada xoves correspondente, ás 13:30 horas.

QUINTO.- Proceder ó nomeamento dos seguintes Concelleiros-delegados:

Concellería de Servizos Sociais, Muller e Igualdade, a cargo de Dona Teresa Duro Leis.

Concellería de Deportes, Novas Tecnoloxías e Participación Cidadana, a cargo de Don Iván Guardado Porto.

Concellería de Educación, Sanidade e Emprego, a cargo de Dona María del Mar García Vidal.

Concellería de Agricultura, Medio Ambiente, Parques e Xardíns, a cargo de Don Adolfo Manuel Barbosa Pérez.

SEXTO.- Notificar a presente ós interesados e proceder á súa preceptiva publicación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

SÉTIMO.- Dar conta da presente ó Pleno da Corporación, na sesión extraordinaria que se celebre ós efectos da organización da Corporación (artigo 38 ROF).

Negreira, na data da sinatura dixital;

	Perante min,
O Alcalde,	A Secretaria da Corporación,
D. Manuel Ángel Leis Míguez.	D ^a Míriam Naveira Dono.”

Negreira, 4 de xullo de 2023.

O alcalde

Manuel Ángel Leis Míguez

2023/5406